



## CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO PROXECTO DE FORMACIÓN "COMBAS Galicia". CURSO 2013-2014

O proxecto de formación do profesorado ao que se fai referencia na presente convocatoria xustifícase na necesidade de prestar apoio aos centros educativos desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na busca de solucións para asegurar a presenza das competencias básicas (en adiante CCBB) nas concrecións curriculares e, consecuentemente, nas programacións, incidindo de forma especial na adecuación metodolóxica e na avaliación. Desenvolverase de acordo cos seguintes apartados:

### Primeiro. Obxecto.

Convócase a selección de centros educativos para o desenvolvemento durante o curso 2013/2014 dun proxecto de formación de apoio á integración das CCBB no currículo. O proxecto estrutúrase en dúas fases: A Fase A1 está dirixida a centros que se incorporan por primeira vez ao Proxecto COMBAS Galicia. A Fase A2 está dirixida aos centros que xa desenvolveron a Fase A1 ou que, sen desenvolvella, esteán en condicións de abordala con éxito. Cada fase ten unha duración dun curso académico.

### Segundo. Destinatarios.

A convocatoria está dirixida a centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sostidos con fondos públicos que imparten Educación Primaria e/ou Educación Secundaria Obrigatoria.

### Terceiro. Solicituds, documentación e prazo de presentación.

A persoa responsable da dirección do centro educativo deberá formalizar a solicitude conforme o Anexo I da presente convocatoria.. Así mesmo deberá acompañar a listaxe do profesorado participante segundo recolle o Anexo II e os certificados de aprobación de participación aprobados no Claustro e no Consello escolar – Anexos III e IV, respectivamente-.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 28 de outubro de 2013. O lugar de presentación será o Centro Autónomico de formación e Innovación (CAFI) ou o Centro de Formación e Recursos (CFR ) en cuxo ámbito se atope o centro educativo.

### Cuarto. Criterios de selección.

#### 1. A selección dos centros levarase a cabo atendendo aos seguintes criterios:

- a) Participación do centro nun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no que se traballe sobre as CCBB: 10 puntos.
- b) Participación do centro en accións formativas de integración das CCBB no currículo durante o presente curso ou en cursos anteriores: 10 puntos
- c) Porcentaxe do profesorado do Claustro que se propón para participar na experiencia e a súa distribución por ciclos, especialidades e departamentos didácticos: ata 10 puntos.
- d) Presenza, entre o profesorado participante, da totalidade do equipo directivo: ata 10 puntos.



2. Na selección dos centros terase en conta a distribución territorial na Comunidade Autónoma e nos ámbitos dos CFR/CAFI.

Quinto. Comisión de Valoración.

Para o estudo e valoración das solicitudes presentadas conforme aos criterios de selección indicados, constituirase unha comisión de valoración. Dita comisión, que poderá solicitar os informes e o asesoramento que considere necesarios, formulará unha proposta motivada de selección de centros dirixida á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

A Comisión de Valoración estará constituída por:

Presidencia:

O subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou persoa en quen delegue.

Vogais:

A subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.

Unha persoa inspectora designada pola Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

A xefa do Servizo de Formación do Profesorado.

O xefe do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa.

O director do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)

Unha persoa responsable da dirección dun Centro Autonómico de Formación e Recursos (CFR)

Secretaría:

Unha persoa funcionaria designada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, con voz pero sen voto.

Sexto. Desenvolvemento do plan de formación.

A participación neste proxecto supón o desenvolvemento secuencial das actuacións marcadas nos itinerarios que se recollen nas bases oitava e novena da presente convocatoria. Dito desenvolvemento terá periodicidade mensual e poderá sufrir modificacións en función da marcha do proxecto.

Os centros educativos participantes nomearán unha persoa coordinadora do proxecto que estará apoiada nas súas funcións por un membro do equipo directivo. A persoa designada para levar a cabo a coordinación recibirá formación presencial no CAFI ou CFR de referencia con periodicidade mensual. Dita formación, que estará referida ás tarefas que terán que desenvolver os centros, será transmitida polas persoas coordinadoras ao resto do profesorado participante no proxecto de formación.



No CAFI ou CFR que corresponda designarase un asesor ou asesora de referencia que se fará cargo da coordinación das accións formativas que se levan a cabo no ámbito correspondente. Asemade fará o seguimento e avaliación das actividades, conforme aos criterios que estableza a Consellería, e colaborará no desenvolvemento do proxecto coas persoas coordinadoras dos centros do seu ámbito.

Nos centros educativos o profesorado participante no proxecto, dinamizado pola persoa coordinadora e seguindo as directrices marcadas pola persoa asesora de referencia do seu CFR ou CAFI, desenvolverá as tarefas ás que se fai referencia nos parágrafos 1 e 2 desta mesma base.

Habilitarase na páxina web do CAFI un espazo virtual que servirá de apoio aos procesos formativos do plan obxecto desta convocatoria.

Os CFR ou o CAFI poderán impulsar actuacións formativas para os centros seleccionados do seu ámbito de competencia que sirvan de complemento á demanda relacionada coas CCBB.

#### Sétimo. Modalidades.

1.- FASE A1 COMBAS Galicia. É a primeira fase do proxecto e ten por obxectivo xeral elaborar exemplos de tarefas que integren obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias básicas iniciando unha concreción curricular que sirva de documento ponte entre os Decretos que regulan o deseño do currículo e a actividade na aula. Para consegui-lo desenvolverase o seguinte itinerario:

- a) Coñecer a proposta europea e a normativa estatal e autonómica referente ásCCBB. Reflexionar sobre a motivación do profesorado con respecto ás CCBB.
- b) Analizar o currículo real de aula e a integración das CCBB no mesmo.
- c) Diferenciar exercicio, actividade e tarefa. Analizar a relación da presenza de exercicios, actividades e tarefas co peso das CCBB. Elaborar unha tarefa de área/materia que integre actividades, exercicios e a súa relación coas CCBB.
- d) Coñecer a contribución das áreas/materias ás CCBB segundo o Decreto da Comunidade Autónoma Galega. Elaborar unha concreción curricular relacionando os elementos do currículo coas CCBB. Elaborar indicadores de avaliación dunha competencia básica para un curso e área/materia.
- e) Definir o papel das metodoloxías, modelos de ensino e procesos cognitivos para deseñar tarefas que desenvolvan a aprendizaxe por CCBB.
- f) Elaborar exemplos de avaliación criterial dunha tarefa. Utilización de indicadores e rúbricas.
- g) Ao longo do Plan elaborarase un portafolio coa documentación relativa ás actividades realizadas e unha memoria de actas que se entregará como traballo final.

2. FASE A2 COMBAS Galicia. Nesta segunda fase do proxecto, partindo da concreción curricular como documento ponte, preténdese deseñar algunha unidade didáctica integrada (UDI). Por outra banda a finalidade desta modalidade será facilitar a posta en marcha de



proxectos de mellora dándolle una especial relevancia á avaliación tanto interna como externa e reflexionar en torno á mellora do rendemento e do éxito escolar a través das competencias básicas. Para consegui-lo desenvolverase o seguinte itinerario formativo:

- a) Unha visión compartida sobre a situación do centro con respecto ás CCBB.
- b) Concrecións curriculares. UDI : desenvolvemento e avaliación.
- c) Avaliacións internas e externas.
- d) A avaliación e a mellora do rendemento do alumnado.
- e) Consecuencias do traballo de CCBB no Proxecto Educativo, principios educativos, modelo de centro.
- f) Definición do plan de mellora consecuente e do plan de formación necesario.
- g) Ao longo do Plan elaborarase un portafolio coa documentación relativa ás actividades realizadas e unha memoria de actas que se entregará como traballo final.

#### Oitavo. Resolución do procedemento.

A Comisión de selección publicará unha listaxe cos centros educativos admitidos provisionalmente na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es). Os centros educativos disporán de cinco días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación da listaxe para presentar posibles alegacións e renuncias. Transcorrido este prazo, e unha vez estudiada a documentación, a comisión de valoración elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que resolverá a relación final dos centros seleccionados. Dita resolución publicarase na páxina web da Consellería e comunicaranse aos centros seleccionados e ao CAFI e aos CFR.


#### Noveno. Recoñecemento aos centros e ao profesorado.

1.- As persoas participantes recibirán unha certificación de 30 horas de formación por cada curso escolar no que formen parte do equipo que leva a cabo o programa no centro. De xeito complementario as persoas coordinadoras, recibirán unha certificación de Innovación Educativa con equivalencia en 20 horas de formación.

2.-Os centros seleccionados terán prioridade para o desenvolvemento de actividades de formación en centros ao abeiro das convocatorias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de forma especial nos PFPP cando se reúnan os requisitos correspondentes.



Santiago, 11 de outubro de 2013

  
Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



## ANEXO I

PROCEDIMENTO	CÓDIGO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DO PROXECTO DE FORMACIÓN EDUCATIVA "COMBAS Galicia". FASE A1 <input type="checkbox"/> FASE A2 <input type="checkbox"/>		SOLICITUDE

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE:

CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO	NIF/CIF	
ENDEREZO, A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	CÓDIGO POSTAL		
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
NA SÚA REPRESENTACIÓN, NOME E APELIDOS DO/A DIRECTOR/A			

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (Marque cun X o que proceda)

- |                                                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Relación de profesorado participante (ANEXO II)                                                                        |
| <input type="checkbox"/> Certificación da aprobación do plan polo claustro (ANEXO III)                                                          |
| <input type="checkbox"/> Certificación de aprobación do plan polo consello escolar (ANEXO IV)                                                   |
| <input type="checkbox"/> Participación do centro en accións formativas relacionadas coas competencias básicas e a súa integración no currículo. |

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).



Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)



Centro de Formación e Recursos de



## ANEXO I

PROCEDIMENTO	CÓDIGO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DO PROXECTO DE FORMACIÓN EDUCATIVA "COMBAS Galicia". FASE A1 <input type="checkbox"/> FASE A2 <input type="checkbox"/>		SOLICITUDE

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE:

CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO	NIF/CIF	
ENDERECO, A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	CÓDIGO POSTAL		
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
NA SÚA REPRESENTACIÓN, NOME E APELIDOS DO/A DIRECTOR/A			

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (Marque cun X o que proceda)

- |                                                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Relación de profesorado participante (ANEXO II)                                                                        |
| <input type="checkbox"/> Certificación da aprobación do plan polo claustro (ANEXO III)                                                          |
| <input type="checkbox"/> Certificación de aprobación do plan polo consello escolar (ANEXO IV)                                                   |
| <input type="checkbox"/> Participación do centro en accións formativas relacionadas coas competencias básicas e a súa integración no currículo. |

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

- |                                                                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)     |
| <input type="checkbox"/> Centro de Formación e Recursos de <input type="text"/> |



## ANEXO I

PROCEDIMENTO	CÓDIGO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DO PROXECTO DE FORMACIÓN EDUCATIVA "COMBAS Galicia".  FASE A1 <input type="checkbox"/> FASE A2 <input type="checkbox"/>		SOLICITUDE

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE:

CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO	NIF/CIF
ENDEREZO, A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO	TELÉFONO	FAX
NA SÚA REPRESENTACIÓN, NOME E APELIDOS DO/A DIRECTOR/A		

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (Marque cun X o que proceda)

- Relación de profesorado participante (ANEXO II)
- Certificación da aprobación do plan polo claustro (ANEXO III)
- Certificación de aprobación do plan polo consello escolar (ANEXO IV)
- Participación do centro en accións formativas relacionadas coas competencias básicas e a súa integración no currículo.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).



Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)



Centro de Formación e Recursos de

ANEXO II

## **RELACIÓN DE PROFESORADO PARTICIPANTE**





## **RELACIÓN DE PROFESORADO PARTICIPANTE**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

**ANEXO III**  
**CERTIFICADO DE APROBACIÓN EN CLAUSTRO**

Don/Dona

secretario/a do centro

de

**CERTIFICA:**

Que na sesión do claustro de profesores deste centro, realizada o día  de  de 2013, acórdase a presentación da solicitud de participación na convocatoria de proxectos de formación "COMBAS Galicia" FASE A1  FASE A2  para o curso 2013-2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, así como a asunción dos compromisos necesarios para o seu desenvolvemento.

, de de 2013

Vº e prace  
O/a director/a

O/a secretario/a

Asdo.:

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

ANEXO IV

CERTIFICADO DE APROBACIÓN EN CONSELLO ESCOLAR

Don/Dona

secretario/a do centro

de

CERTIFICA:

Que na sesión do Consello escolar deste centro, realizada o día  de  de 2013, acórdase a presentación da solicitude de participación na convocatoria de proxectos de formación "COMBAS Galicia" FASE A1  FASE A2  para o curso 2013-2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, así como a asunción dos compromisos necesarios para o seu desenvolvemento.

, de de 2013

Vº e prace  
O/a director/a

O/a secretario/a

Asdo.:

Asdo.: